



Concello da Pobra do Caramiñal



XI CARREIRA POPULAR CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL

IV CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES AROUSA NORTE

VI CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES

“DEPUTACIÓN DA CORUÑA”.

O domingo 25 de agosto terá lugar no Concello da Pobra do Caramiñal a 11ª edición da Carreira popular deste Concello, que será á súa vez a 1ª proba do Circuito de carreiras populares **Arousa Norte 2019**. Esta proba pertence tamén ao **VII Circuito provincial de Carreiras Populares da Deputación da Coruña**.

As probas poderán disputalas tanto atletas federados/as en atletismo como non federados/as e estarán baixo o control técnico do Comité de Xuices da Federación Gallega de Atletismo e seguirán o seguinte reglamento:

1- CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN:

As categorías de competición serán as seguintes:

CHUPETE	2014 e anteriores
PREBENXAMÍN	anos 2012 e 2013
SUB 10 H/M	anos 2010 e 2011
SUB 12 H/M	anos 2008 e 2009
SUB 14 H/M	anos 2006 e 2007
SUB 16 H/M	anos 2004 e 2005
SUB 18 H/M	anos 2002 e 2003
SUB 20 H/M	anos 2000 e 2001
SUB 23 H/M	anos 1997, 1998 e 1999
SENIOR H/M	de 1996 ata 1985
MASTER 1 H/M	de 1984 ata 1979
MASTER 2 H/M	de 1978 ata 1970
MASTER 3 H/M	de 1969 ata 1960
MASTER 4 H/M	de 1959 en adianta
Sapatilla Inclusiva	categoría única absoluta para persoas con diversidade funcional

2- HORARIO DAS PROBAS:

As probas seguirán o seguinte horario:

HORA	CATEGORÍA	ANOS	DISTANCIA
11:00 h.	SUB 12 –SUB 14	2006 – 2007 2008 – 2009	1,5 km. aprox. (1º paso por meta)
11:00 h.	SUB 16	2004 – 2005	5,4 km. aprox. (1 volta ó circuíto)
11:00 h.	“Sapatilla Inclusiva”	Categoría Única	5,4 km. aprox. (1 volta ó circuíto)
11:00 h.	SUB 18, SUB 20, SUB 23, SENIOR e MÁSTER	2003 e anteriores	10 km. aprox. (2 voltas ao circuíto)
12.30 h.	PREBENXAMIN	2012 – 2013	250 m. aprox.
12:45 h.	SUB 10	2010 – 2011	650 m. aprox.
13:00 h.	CHUPETES	2014 e anteriores	150 m. aprox.
13.30 h.	ENTREGA DE PREMIOS		

3- INFORMACIÓN E INSCRICIÓN:

As inscricións realizaranse online a través da páxina web www.emesports.es.

Os prezos de inscrición serán os seguintes:

CATEGORIA	PREZO
ESCOLARES (de chupete a sub 16)	GRATUÍTO
ADULTOS (de sub 18 a máster)	6 €

Todos/as aqueles/as atletas inscritos no Circuito Arousa Norte 2019 non terán que formalizar a inscrición nesta proba.

INFORMACIÓN

Para máis información poderán acudir ao Dpto. de Deportes do Concello da Pobra do Caramiñal, na Casa da Cultura e Xuventude “Raquel Fdez. Soler” no horario de 9:30h. a 14:30h.

Para información telefónica poderán empregar o telf./fax: 981 832 590 / 981 831 545 ou o teléfono móbil 619 229 946.

Tamén poden consultar información relativa a proba e ao Circuito na páxina web <http://www.arousa-norte.es>.

O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o xoves 22 de agosto ás 14 horas.

4- RECOLLIDA DE DORSAIS:

Os dorsais de competición poderán recollerse na Praza Maior da Pobra do Caramiñal ata **MEDIA HORA ANTES DO INICIO DE CADA CARREIRA.**

5- SAÍDA E CHEGADA DAS PROBAS.

- A saída das probas estará ubicada na rúa da Paz. A meta estará ubicada no interior da Praza Maior da Pobra.
- A categoría **Sub 12** e **Sub 14**, sairán conxuntamente coa categoría absoluta e terán a súa liña de saída 80 m. máis atrás da liña de saída principal. Entrarán na meta no primeiro paso por esta.
- A categoría “**Sapatilla inclusiva**” sairán conxuntamente coa categoría absoluta e terán a súa liña de saída 80 m. máis atrás da liña de saída principal. Entrarán na meta ó completar a 1ª volta (5.400m.)
- A categoría **Sub 16** sairá conxuntamente coa categoría absoluta e entrarán na meta ó completar unha volta ó circuíto (5.400m.)
- As categorías **SUB 18 – SUB 20 – SUB 23 – SENIOR – MÁSTER 1, 2, 3 e 4**, realizarán a saída na rúa da Paz e entrarán na meta situada na Praza Maior ó completar dúas voltas ó circuíto (10.000m. aprox.).

6- PREMIOS E AGASALLOS

A entrega de trofeos realizarase no lugar de meta a partir das 13:30 horas. Outorgaranse os seguintes trofeos:

- Trofeos aos/as tres primeiras/os clasificadas/os por categoría (agás na categoría Chupete que non haberá premiación).
- Premios en metálico e agasallos as/os cinco primeiros/as clasificados da xeral absoluta.
- Medalla para todas/os participantes de Chupete a Sub 10.
- Camiseta técnica para os participantes na proba absoluta (10 km aprox.).

PREMIOS EN METÁLICO PROBA ABSOLUTA

<u>HOMES</u>	<u>MULLERES</u>
1º) 200 €	1ª) 200 €
2º) 100 €	2ª) 100 €
3º) 75 €	3ª) 75 €
4º) 50 €	4ª) 50 €
5º) 30 €	5ª) 30 €

Ás/ós atletas gañadoras/es dos premios en metálico poderáselle requerir documentación acreditativa da súa identidade (DNI ou permiso de circulación en vigor).

RÉCORD DA PROBA HOMES E MULLERES: 150 € (deserto por ser novo circuíto).

7- SERVIZO DE DUCHAS E VESTIARIOS.

Haberá servizo de duchas e vestiarios no Edificio de Usos Náuticos.

8- SERVIZOS MÉDICOS E FISIOTERAPIA.

A organización disporá dos servizos médicos obrigatorios, seguro de accidentes deportivos e responsabilidade civil e servizo de fisioterapia na zona de chegada.

9- RECLAMACIÓNS.

Todas as reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro da competición, ubicado na zona de meta, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais que serán expostos en lugar visible pola organización.

10- DESCUALIFICACIÓNS.

Os/as xuíces/as da proba e membros da organización reservaranse a facultade de descalificar ao infractor/a que, comprobada calquera irregularidade: non leve visible o seu dorsal, manipule ou ceda a outro, altere os datos facilitados á organización ou ao xuíz árbitro con respecto aos que figuran no seu DNI ou ficha federativa, non completar o percorrido completo, manifeste un mal estado físico, non facilite á organización a documentación que se lle requira, ou incumpra calquera outra norma contemplada nas normas de competición vixentes da **FGA** e **RFEA** para probas en ruta.

Serán descualificados os/as corredores/as que non respeten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, Garda Civil, Xurado, Servizos Médicos ou membros da Organización debidamente identificados.

As/os corredores descualificados perderán o dereito a recibir calquera premio en metálico ou trofeo.

11- RESPONSABILIDADE.

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o participante declara polo feito de inscribirse, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun seguro de responsabilidade civil e accidentes deportivos que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

12- PARTICIPACION DE ATLETAS DE OUTRAS FEDERACIONES AUTONÓMICAS E EXTRANXEIROS/AS.

Nesta proba a participación de atletas extranxeiros e de outras federacións autonómicas rexirase de acordo co disposto no artigo 3.4. do "REGLAMENTO PARA LAS COMPETICIONES DE CAMPO A TRAVÉS, MARCHA, RUTA, TRAIL Y PISTA 2018-2019". Máis información de esta norma no ligazón:

http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2019/06_ReglamentoCompeticiones.pdf

13- ARTIGO 23: LOPD.

Todos/a os/asas corredores/as ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

CONSIDERACIÓN FINAL

Todo o non reflexado no presente regulamento rexirase polas normas vixentes da **FGA** e **RFEA**.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow ,13 - 15008 A Coruña.